


Escolas de Ames, espazos seguros para o galego

O *Mapa sociolingüístico escolar de Ames* achéganos datos preocupantes sobre o uso do galego entre os nenos e nenas do concello e pon de manifesto a **necesidade urxente de actuacións que garantan o seu dereito de ser competentes e de usar ambas as dúas linguas oficiais.**

O estudo amosa que máis da metade das familias ten o galego como lingua primeira, porén a amplísima maioría das nenas e nenos non adquire ou deixa de usar a lingua nos primeiros momentos da escolarización. Esta renuncia non é unha escolla individual, nin sequera en moitos casos familiar, senón que se debe á **presión dun medio maiormente castelanfalante no que aínda perduran prexuízos cara ás persoas que usan o galego.**

Os **servizos complementarios de Educación** son espazos clave para reequilibrar a situación e para que todas as nenas e nenos amesáns poidan gozar, en igualdade de condicións, das vantaxes que lles pode achegar ser competentes na lingua propia deste territorio.

Por este motivo, o Concello de Ames, responsable directo deste servizo, aposta decididamente por que **as escolas de Ames sexan espazos seguros para o galego** e que, de acordo coa normativa vixente, todo o persoal, sexa directamente ou a través de empresas adjudicatarias ou concesionarias, **empregue o galego tanto oralmente coma por escrito** en todas as actividades que se desenvolvan por conta do Concello.



Uso habitual do galego en Ames, proxenitores fronte a adolescentes.

Por iso lembre que o galego ten que ser a lingua vehicular dos servizos complementarios

O obxectivo é que os servizos complementarios garantan o **dereito das nenas e dos nenos a usar o galego:**

Contribuíndo adquirir a lingua

- Contextos lúdicos coma nos que traballamos son especialmente favorables para unha aprendizaxe diferente.
- Actividades coma o comedor empregan vocabulario particular que se aprendemos en contextos coma estes.

Dinamizando o galego entre o alumnado

- Converténdonos as monitoras e monitores nun referente e modelo lingüístico.
- Acompañando e animando a usar o galego, pero evitando corrixir, para que desapareza o medo a equivocarse.
- Difundindo recursos en galego actuais e atractivos que conecten coa cativada (Vídeos, música, xogos...)

Eliminando prexuízos lingüísticos

- Axudando a consolidar o galego como a lingua normalizada nos espazos lúdico-educativos.
- Vixiando calquera tipo de acoso lingüístico (mofas, bromas, diferenciacións...) e facendo dos servizos complementarios espazos seguros para que o alumnado galegofalante non abandone a súa lingua.
- Evitando un trato comunicativo distinto co alumnado de fóra de Galicia, porque todos os nenos e nenas teñen o dereito e precisan adquirir a lingua do territorio no que viven.

As traballadoras e traballadores dos servizos complementarios precisamos ter **consideracións de carácter lingüístico:**



Na programación e desenvolvemento das actividades

- Todas as actividades deben ter como obxectivo transversal fomentar o uso da lingua.
- Escoller e adaptar recursos en galego (xogos, cancións etc.) de calidade e atractivos para as nenas e nenos.
- Estar alerta ante os posibles conflitos lingüísticos entre o alumnado e aproveitalos para desmontar prexuízos.



Nas prácticas lingüísticas propias

- As persoas adultas somos referentes de comportamento: non perdamos de vista a importancia disto no noso labor.
- Debemos utilizar sempre o galego, sexa ou non a lingua maioritaria: entre as persoas adultas, cando nos diriximos ao grupo ou a unha nena/o en particular (nas indicacións, nas bromas, nos aloumiños...).

E coñecer mellor as **características lingüísticas do alumnado:**

- O galego está moito máis presente nas familias de Ames do que podemos pensar.
- Que unha nena ou neno non fale galego na escola non quere dicir que non o faga na casa. Hai máis alumnado galegofalante do que vemos.
- A xente orixinaria de fóra de Galicia tamén ten dereito a aprender o galego. Fomentémolo!



E valorar o noso traballo!

Os servizos complementarios de Educación contribúen ao proceso educativo e isto supón unha gran responsabilidade. O **persoal destes servizos educamos e somos un modelo de comportamento.**

Para este traballo, precisamos ter as competencias necesarias en lingua galega. Pero tamén, **como profesionais da educación, debemos reflexionar sobre as consecuencias das nosas actuacións, non participar de prexuízos e contribuír ao desenvolvemento de actitudes positivas cara á diversidade lingüística e especialmente á lingua que nos cohesiona e que nos identifica como galegas e galegos.**

